

TERRA DE OUTES

Revista TRIMESTRAL

Nº14 · abril - xuño 2011

1€



Neste número:

Editorial:
A Sanidade en Outes

D. Antonio Castro:
igreja e compromiso

Viaxes: Bicicletas en Dinamarca

Muíños do Río Tins

e as nosas seccións habituais...



Entrevista a
Isaac Rodríguez Bravo

Editorial**A Sanidade en Outes,
antes, agora e no futuro.**

O Centro de Saúde de Outes, situado na Praza do Bosque, foi inaugurado no ano 1998. O seu persoal consta actualmente de cinco médicos de familia, un pediatra, un odontólogo (compartido con Muros), unha Traballadora Social (tamén compartida con Muros), cinco enfermeiros, tres persoas de Servizos Xerais e unha Auxiliar de Enfermería. Recordarán os maiores que Outes só contaba con tres médicos e que consultaban nas súas casas.

Actualmente hai estabilidade nas prazas de profesionais médicos, na de odontoloxía, na de traballo social, practicamente estabilidade nos de enfermería e na auxiliar de enfermería e queda pendente do próximo concurso de traslados a estabilidade do persoal de servizos xerais.

Os servizos do Centro de Saúde son: Análises clínicas, Electrocardiografía, Espirometría, Telemedicina (Teledermatoloxía e Teleoftalmoloxía) e cóntase con Radioloxía Comarcal no Punto de Atención Continuada (PAC), na Casa do Mar de Noia, onde, así mesmo se realizan as urxencias.

Todos os profesionais de medicina de familia están implicados en Grupos de Investigación, existindo produción científica propia do Centro.

Os últimos anos caracterizáronse por un aumento do número de profesionais de medicina de familia, enfermería e persoal de servizos xerais; así como pola consolidación de prazas que ocorreu en toda Galicia e a dotación de medios diagnósticos.

Os logros máis recentes son a instauración dos controis de anticoagulación mediante tira reactiva, evitando a punción venosa, e a receita electrónica, que permite nalgúns casos a prescrición de medicamentos ata un máximo dun ano, evitando ter que acudir continuamente ao centro só para obter medicación.

Precísase fomentar a mellora continuada da formación dos profesionais mediante o desprazamento dos docentes con coñecementos prácticos aos centros de traballo doutros profesionais, de modo que se intercambie toda a experiencia, coa finalidade de uniformar a resolución de problemas en atención primaria.

A non substitución dos profesionais da medicina e en menor grao de enfermería, sumados ás restricións orzamentarias, obriga a dobrar o traballo dos profesionais, especialmente nas épocas vacacionais, co conseguinte deterioro da calidade asistencial, esperas longas dos doentes, e o aumento da carga asistencial para os traballadores da saúde.

Nestas circunstancias, tería sentido unha actividade privada a gran escala na zona? Ao respecto, cómpre recordar o Hospital Cengas... de ingrata memoria para algúns, sobre todo para os que se querían enriquecer a costa dos veciños. Pódese lembrar, a propósito, que os

accionistas do Cengas eran xente moi coñecida do pobo. A publicidade do folleto para captar accionistas insistía na mala calidade da atención médica na comarca. É obvio que desde entón aumentou completamente a dotación de persoal e medios, dispónse de P.A.C. e de Servizo de Radioloxía a 10 minutos (actualmente dixitalizado) e coa vía rápida o Hospital de referencia de terceiro nivel está a menos de 30 minutos.

Se a sanidade de Outes mellorou moito, débese a moitos factores, pero entre eles a gran profesionalidade do persoal que estivo e que está nel. Se algo fai falta, debe canalizarse a petición, e entre tod@s seguro que se consegue.

ÍNDICE

As nosas novas	páxs. 2 e 3
Historia	páxs. 4 e 5
Miscelánea	páx. 6
Actualidade	páx. 7
Entrevista	páxs. 8 e 9
Opinión	páx. 10
Viaxes	páx. 11
Páxinas Literarias	páxs. 12 e 13
Etnografía	páxs. 14 e 15
Deportes	páx. 15
Os papeis de Añón	páx. 16

Director:

Xosé M. Vázquez

Consello de Redacción:Domingo Campos, Xoán X. Mariño,
Manuel do Río, Xan F. García, Ramón Blanco**Edita:**A.C.C. Terra de Outes
terradeoutes@gmail.com**Maqueta e imprime:**

Grafinoya, S.L.



JOSEMA
Seguros

Av. Compostela Nº 12 – Baixo 2

15230 Outes - Tlf/Fax. 981 85 06 20

E-mail : scguerosjosema@terra.es

Asemblea Anual

O pasado 15 de xaneiro Terra de Outes celebrou a súa asemblea anual, na cal o presidente da Asociación informou das actividades levadas a cabo no ano 2010, entre as que quixo lembrar as realizadas con motivo das Letras Galegas; a presentación de varios libros; a colocación dunha placa por parte do alcalde de Noia no monumento ás vítimas do franquismo no Freixo; e, fundamentalmente, a celebración da IV Muiñada, con tres xornadas de outubro repletas de actividades: exposición de fotos antigas, visita a un asteleiro do Freixo, roteiro literario pola Serra, lectura de poemas de Añón e varias conferencias. A continuación o tesoureiro, Xesús Mato, presentou as contas do ano 2010 e, tras ser aprobadas, o presidente expuxo o programa de actividades para o 2011, semellante ao anterior, pero coa novidade da inauguración do Muíño Grabiél, cuxa restauración está sendo promovida pola nosa Asociación.



Mariscada

O sábado 15 de xaneiro, a continuación da asemblea anual, no noso local social de Outes, tivo lugar a primeira das comidas que ao longo do ano reúne a bo número dos nosos socios ao redor dunha mesa. Nesta ocasión foi para dar conta dunha succulenta mariscada a base de mexilóns ao vapor, cigalas de primeira preparadas polo noso socio Francisco Rama -Fufú- e polvo con setas deliciosamente elaborado por Xosé M. Vázquez -Xastre-.

Finalmente, na sobremesa Ramón Blanco, membro do consello de redacción da revista Terra de Outes, presentou o exemplar nº 13 desta publicación da nosa asociación.



Restauración do Muíño Grabiél

Un dos proxectos máis antigos de Terra de Outes é a restauración do Muíño Grabiél, en Río de Outes, coa intención de recuperar a súa orixinal función: moer o gran de millo, ao que están dispostos os veciños do lugar para obter esa fariña máis adecuada para a elaboración da empanada. Ao mesmo tempo é desexo desta Asociación que a posta en marcha do muíño teña unha utilidade didáctica, e por ese motivo estará a disposición dos centros de ensino para que os escolares do noso concello poidan recrearse no funcionamento destes enxeños hidráulicos.

Coa subvención da Deputación da Coruña completouse a primeira fase da restauración, consistente na limpeza da canle, do cubo e da mesta maleza que recubría o edificio, así como na reposición do tellado. Ao longo do presente ano e cunha nova axuda da

Deputación agardamos culminar, nunha segunda fase, o proceso coa instalación das pezas de madeira (moega, eixe, cama), que completarán a rehabilitación deste elemento do noso rico patrimonio popular que agardamos inaugurar na época da colleita do millo.



Don Antonio Castro García; Igrexa e compromiso social

Xoán Fco. García Suárez

Introdución

A finais dos anos cincuenta do pasado século, en Europa central, comezan a escoitarse voces no seo da Igrexa católica que denunciaban a inadaptación das doutrinas e da práctica eclesiástica en contradición cos vertixinosos cambios que se estaban a producir na sociedade europea saída da fin da II guerra mundial.

Esta denuncia materialízase co grande debate promovido polo papa Xoán XXIII, debate coñecido como o Concilio Vaticano II. Neste concilioponse de manifesto que as experiencias de importantes grupos de sacerdotes puxeron en cuestión a liña oficial do Vaticano, preconizando a adaptación da actividade sacerdotal e por conseguinte do conxunto da Igrexa- a unha realidade social que evolucionaba de xeito diametralmente oposto ao pensamento do catolicismo clásico.

Esta relectura das Sagradas Escrituras provoca unha fonda crise no seo da Igrexa europea, coincidindo cronoloxicamente este feito co réxime franquista en España, na que a maior parte da Igrexa foi tristemente colaboradora e servil con Franco.

Ainda así, na Península, xorden na época grupos de sacerdotes que se vinculan ás loitas sociais e populares, que tiñan o carácter de resistencia política e de enfrontamento ao réxime.

En Galiza, foron precisamente varios os cregos que toman partido nestes movementos sociais. A pesar de que o caso máis coñecido foi o de Ramón Valcarce Vega (Moncho, o cura das Encrobas, falecido en 1993, non só chegou a militar no nacionalismo e liderar importantes loitas labregas, senón que incluso chegou a ser concelleiro do BNG en Culleredo), hai moitos exemplos que, sen chegar quizais ao grao de activismo de Moncho, non por iso deberían pasar desapercibidos (como é o caso de Francisco Lorenzo, párroco de Aguiño falecido en 2004, ou Hilario Leopoldo López de Rego -que foi fiel ao BNG ata o último momento-, falecido en 2010 en Miñortos).

É de subliñar que os cregos e seminaristas que decidiron nesta época colaborar coa resistencia antifranquista o fixeron desde diferentes posicións ideolóxicas, na clandestinidade por suposto (Partido Comunista de España, diferentes organizacións sindicais e culturais, etc.), pero a maioría implicáronse desde o nacionalismo e as súas plataformas, impulsadas fundamentalmente pola UPG (Unión do Pobo Galego).

Nin que dicir ten a brutalidade da represión do réxime de Franco contra estes cregos (multas millonarias e incluso cárcere).

Neste contexto debemos situar ao noso veciño Don Antonino Castro García (Tarás, 11 de abril de 1930), falecido en Cee en 1982.

Sacerdocio e Seminario

Don Antonino chegou por primeira vez á Vila de Cee en 1954, daquela como axudante de D. Manuel Castiñeiras. Alí volvería anos máis tarde, nomeado sacerdote e párroco da vila.

Pero debemos deternos no período aproximado que vai de 1955 a 1967, dado que neste ano de 1967, concretamente o 18 de novembro, foille comunicada a expulsión do seminario a Moncho Valcarce, sendo precisamente vicerreitor do mesmo Antonino Castro (verdadeiro reitor en funcións, dada a avanzada idade do titular Manuel Capón).

Vendo isto, non deixa de ser sorprendente -e de entrada contradictorio- o feito de que aquel que agora recordamos nestas páxinas como un home comprometido, fose no seu día un posible represor. Como é posible que Antonino castigase a un compañeiro no seminario por feitos semellantes aos que el protagonizou anos máis tarde?

En primeiro lugar, Don Antonino era, polo menos na súa época de vicerreitor, un cura disciplinado e cumpridor das ordes que recibía en función do seu cargo. Segundo palabras de D. Andrés Torres Queiruga a este autor: un home que daquela mantiña unha actitude fiel que o levaba a manter unha posición de "home recto".

Desta característica de rectitude dá boa conta o seu sobriño Manuel Lores: «Nunha ocasión expulsaron do seminario a un primo meu. As influencias familiares para reingresalo no seminario foron inútiles».

En segundo lugar, ao meu entender, houbo varios factores que necesariamente tiveron que influír anos máis tarde na actitude vital deste relixioso.

As chaves dun compromiso

En España, os movementos renovadores dentro da Igrexa, atopáronse de fronte cunha ditadura fascista e os seus resortes (un deles a mesma xerarquía eclesiástica), co cal non puideron desenvolverse dun xeito rotundo. Se a isto lle engadimos o carácter caciquil da Igrexa en Galiza, podemos entender que a implantación dos novos pensamentos era en 1967 (ano da sanción a Valcarce) máis que dificultosa.

Por outra banda, debemos crer que, realmente, D. Antonino reorienta o seu quefacer pastoral cando pisa as terras de Cee como párroco. Aí é onde realmente toma contacto coa realidade dun pobo, como tantos, característico da Galiza da ditadura: miseria nos sectores populares da poboación, inxustiza social, caciquismo, etc.

Debemos tamén ter en conta a posible influencia dalgunha das súas viaxes, como a que fixo a Bolivia (onde Ché Guevara levaba a súa loita), e que lle farían

coñecer as realidades e as miserias de moitos pobos asoballados.

O certo é que en Cee, D. Antonino foi moito máis ca un párroco. Foi toda unha institución. Tiña por costume visitar aos enfermos e deixarlles diñeiro debaixo das almofadas. Unha das súas grandes obsesións era que se fixera unha estrada en condicións entre Fisterra e A Coruña (moitas mulleres teñen parido no seu coche camiño do hospital á Coruña). Claro que en ocasións falecían as nais ou as criaturas -ou ambos os dous- no tortuoso camiño sen fin á Coruña. Manuel Lores explícanos: «Convocou unha manifestación baixo o lema de "Non máis mortos nin partos na estrada". Noutra ocasión presentouse diante das oficinas de Electra del Jallas, cun candil, cantándolles: "Esta noite no alumbra la farola del mar". Estas accións foron secundadas por veciños de Fisterra fartos de soportar os continuos apagóns de luz que había na comarca. Por certo, esa noite Cee foi tomada pola Garda Civil con armas de canón longo».

Testemuñas como o ex-alcalde de Corcubión, o nacionalista Rafael Mouzo, destacaron o seu "compromiso e axuda cos pobres", chegando a sufrir as represalias da Igrexa ou as ameazas da dereita máis extremista da vila, polo seu enfrontamento aos caciques: «facíanlle pintadas

na casa reitoral, como "Curas Rojos No", "Curas Cabrones", etc.».

Non se pode ignorar o papel de D. Antonino no ámbito cultural. El foi fundador da Asociación Cultural *Domingo Antonio de Andrade*, na que comparteu unha intensa actividade cultural durante moitos anos xunto con militantes nacionalistas (Rafael Mouzo, Xosé Cañizo, Xoán Gallart, Francisco Quintela, etc.). O propio baixo da casa reitoral facía de local social. Recorda Rafael Mouzo: «Ainda me lembro do 23 de febreiro de 1981, reunímonos alí para organizar a fuxida a Portugal se o golpe de Estado triunfase».

A el se lle debe tamén a axuda prestada para denunciar as inhumanas condicións que sufriron os traballadores e traballadoras de Carburos Metálicos, con varias mortes por intoxicación e máis dun cento de enfermos, diante da pasividade e abandono das autoridades.

En 2002 recibiu unha homenaxe en Cee e foi un dos receptores das primeiras medallas Fernando Blanco. Na casa reitoral colocouse unha placa na súa memoria.

Desde estas páxinas o noso humilde pero sincero recoñecemento a un veciño de cuxo exemplo temos todos moito que aprender.



Foro do Lugar e Casal de Arriba (II)

Mingucho Campos

O día 15 de abril de 1728 expide Domingo García de Paadín, escriba de número por aquel entón da vila de Noia, á solicitude do mosteiro de Toxosoutos aos efectos da petición que se atopa por cabeceira, testemuño, das escrituras forais contidas na petición dos freires (todas ás aquí reseñadas forman parte dun mazo contido na Carpeta nº 3):

1.- Foro outorgado o 15 de xullo de 1649 polo abade do mosteiro de Sobrado, prior e monxes de Toxosoutos, polo que aforaran a Juan Romeu e consortes o Lugar de Canto da Vila, coas demarcacións, rendas e ludemio contidos na escritura foral e acordados polas partes actuantes, a pagar na vila de Noia nos meses de agosto ou setembro de cada ano.

2.- Foro outorgado igualmente o 15 de xullo de 1649 polo abade do mosteiro de Sobrado, prior e monxes de Toxosoutos, polo que aforaran a Catalina Martínez e consortes o Lugar e Casal de Arriba, sito no Couto de Vara, con expresión de demarcacións, rendas, laudemio e datas nas que facer efectivos os pagamentos anuais (agosto ou setembro) na vila de Noia.

3.- Foro outorgado tamén na mesma data que os dous anteriores outorgado igualmente polo abade de Sobrado, prior e monxes de Toxosoutos polo que aforaran a Juan Martínez e consortes o Lugar e Casal coñecido como de Pedro Domínguez, sito como os anteriores no Couto de Vara pertencente á parroquia de S. Cosme de Outeiro, con constancia igualmente das rendas e laudemio, datas e lugar de pagamento (agosto ou setembro de cada ano).

Estas tres escrituras forais, tal e como fica constancia en números anteriores desta mesma revista nos que se tratou das mesmas, foron redactadas polo, naquel entón, escriba de número da vila de Noia, Gonzalo de Pazos.

Mais seguindo co Mazo referido hai que dicir que nel aparecen

outros documentos tales como a presentación da escritura foral do Lugar de Canto da Vila, que foi inscrita o 5 de xullo de 1883 co número 109, tomo 5º do Diario do Rexistro da Propiedade de Muros; o foro do Casal de Arriba, presentado o 7 de xullo do mesmo ano, que ficou inscrito co número 118 do tomo 5º do Diario; mentres que o foro do Casal de Pedro Domínguez foi presentado dous días despois do mesmo mes e ano, ficando inscrito no mesmo tomo do Diario co número 121.


O Rexistro da Propiedade de Muros, en relación cos tres testemuños presentados emite as seguintes resolucións:

Non admitir a inscrición rexistral demandada do Lugar de Canto da Vila por non costar a súa delimitación, non presenta-los documentos necesarios acreditativos da propiedade e dominio útil “a nombre de los llevadores”, requisito en todo caso imprescindible para acceder ao demandado “el cual no lo está a nombre de nadie” e, por último, non conter dito foro ao se pé o apuntamento do pagamento do imposto e por teren transcorridos trinta días hábiles sen o ter subsanado nin tampouco ter pedido o apuntamento preventivo.

Denégase igualmente as inscricións do Casal de Arriba e do Casal de Pedro Domínguez polas mesmas causas apuntadas no parágrafo anterior. As tres resolucións están

asinadas polo registrador, Juan Francisco Castro, sendo o custo de cada unha de 2 pesetas, que fican apuntados no rexistro correspondente. As datas das tres resolucións do Rexistro da Propiedade de Muros son respectivamente de datas: 10 de agosto de 1883, 13 de agosto de 1883 e 14 de agosto de 1883.

Ademais dos devanditos testemuños o Mazo contén outros que asina Domingo García de Paadín, na súa condición de escriba de número da vila de Noia, e que fican recollidos en cuarenta follas, dos cales daremos conta noutra ocasión pola súa extensión.



A Óptica da túa confianza!

Malecón de Cadarso, 3 (Xunto a ponte de San Lázaro) - Tlf. 981 82 42 60

NOIA

GASTRONOMÍA

CROQUEAS DE MEXILÓN

M. Lores "Pelucas"

Ingredientes:

Dous dentes de allo
Unha cebola
Un litro de leite
½ kg de fariña
½ kg de mexilóns
Aceite
Pan relado.

Elaboración:

Empezamos rustrindo a cebola e o allo, todo picadiño, e mesturarmos cos mexilóns tallados e maila fariña. Coa mesma imos engadíndolle o leite ata que espese toda esa masa e sexa máis manexable. Deixámola enfriar. De seguido dámoslle forma ás croquetas, pasámolas por ovo e pan relado antes de fritir... e a gozar.



SAUDEGALIZANDO: A PRÓSTATA, MATA?(III)

Dr. José Mª Dios Diz

Na **Segunda Visita** (ós 7 días), valoraremos a análise de sangue, así como o PSA e a análise de ouriña. Recolleremos o consentimento informado e faremoslle o tacto rectal. Valoraremos nesta proba, importantísima, varias cousas:

- Tono do esfínter anal: normal, hipertónico ou hipotónico.
- O tamaño da próstata: Pequena (< 30 mm); Mediana (30-60 mm); Grande (>60 mm).
- Consistencia: fibroelástica, indurada, etc.
- Sensibilidade: doloroso, non doloroso.
- Superficie: lisa, irregular, etc.

Teremos en conta, tódalas características descritas, e outras que puidesen aparecer. Anotarémolas na Historia Clínica.

Con todas as probas realizadas, xa poderemos ter unha valoración aproximada de se o paciente presenta unha HBP "ou non".

Segundo fosen os datos das probas anteriores, pediremos a ecografía renovesical, que nos confirmará o diagnóstico.

Na terceira consulta, ós 15 días, teremos o resultado da ecografía. Se se confirma a patoloxía, mandarase ó urólogo para confirmar a HBP. Este, recolleralle a información que nós lle demos das probas realizadas e faralle outras:

- Tacto rectal: confirmará "ou non", o valorado polo médico de AP.
- Fluxometría: diranos o volume de ouriña en unidade de tempo e o volume total de ouriña.
- Volume residual postmiccional: resto de ouriña que queda na vexiga, despois de ouriñar.

Con tódalas probas realizadas e nesa mesma consulta, dirémoslle á persoa, se ten, "ou non", a hipertrofia benigna de próstata (ou outra enfermidade, pois coas probas realizadas, poden aparecer diferentes patoloxías). Unha vez feito o diagnóstico, prescribiremos un tratamento. Confirmarase co tratamento que instaure o especialista.

As secuelas e consecuencias dunha HBP non diagnosticada en tempo e forma son tremendas. Os pacientes deben saber que, cun protocolo axeitado e unha boa praxe, os resultados tan negativos desta enfermidade serían evitables, xa dende a consulta do médico de atención primaria. O paciente tería un diagnóstico e un tratamento nun prazo dun mes, máis ou menos. Melloraría a súa calidade de vida, así como a incerteza de non saber o que ten... durante moitos meses.

Como conclusións, dicir que:

- AHBP é unha enfermidade **moi frecuente e infradiagnosticada** en Atención Primaria.
- Unha boa historia clínica e unha sistemática adecuada na exploración, diagnosticará (antes da confirmación diagnóstica do urólogo), moitas enfermidades prostáticas, **que se se tratan a tempo**, as súas secuelas serán menos dramáticas para a persoa que a padece.
- Os especialistas deben ser conscientes de que **manter unha boa relación cos profesionais de atención primaria** ten como beneficio unha mellora na saúde dos nosos pacientes, que recordemos son responsabilidade tanto do especialista como do médico de AP.
- A **Administración tería que poñer en marcha protocolos de actuación** deste tipo, pois sábese que, cunha boa sistemática no manexo de enfermidades infradiagnosticadas, resolve moitos dos problemas dos pacientes.

A SACHADORA


TEXTOS: Manolo Lores

DEBUXOS: X. Mariño



Restauración dun cruceiro

Por iniciativa da “Asociación de Veciños S. Pedro de Outes” vai ser restaurado un dos máis antigos cruceiros de todo o Concello, o denominado **Cruceiro da Canle**, cuxos restos, datados en 1781 por Xoán Mariño na súa catalogación do patrimonio artístico de Outes (vol. I), atópanse nunha dependencia anexa á igrexa parroquial, desde que un automóbil se estrelou contra el, derribándoo e esnaquizándoo hai máis de dúas décadas. Lamentablemente, a pesar de que a compañía aseguradora do vehículo fixo o depósito necesario para a súa reconstrución nunha conta da parroquia, desde entón ninguén se preocupou de levala ao efecto, e algúns dos seus elementos foron desaparecendo, como a imaxe do Cristo, o varal e incluso plataforma e pedestal que se atopaban á beira da estrada que vai a Valadares, cando esta foi ancheada hai uns dez anos. Motivo polo que é de loubar a iniciativa desta entidade que preside M^a Dolores Arcos Añón, quen, para completar as partes perdidas, solicitou á Deputación da Coruña unha subvención de 1.840 €, cos que agarda que esta peza tan valiosa do noso patrimonio cultural volva lucir, agora no medio da explanada que serve de aparcamento a carón da casa parroquial. Ogallá cunda o exemplo.



Exposición da Tese Doutoral

O pasado 5 de febreiro, na Sala de Xuntas da Escola de Enfermaría de Santiago, o doutor e socio de Terra de Outes **José M^a Dios Diz**, expuxo a súa tese *Calidade de vida, custe económico e tipos de incontinencia urinaria na terceira idade en Galicia*, que foi cualificada cun Sobresaliente *cum laude* por parte do tribunal examinador.

Este traballo de investigación sobre a incontinencia urinaria, considerada como unha das grandes síndromes xerátricas, parte dun estudo piloto realizado en Outes no ano 2003. Os resultados, polo sorprendentes que foron, extrapoláronse a continuación a Galicia, con entrevistas a 1.209 persoas (535 homes e 674 mulleres, separados por estratos de idade entre os 65-74 anos e de máis de 74 anos) de diversos concellos das catro provincias. Deste xeito obtivéronse numerosos datos que, unha vez analizados, serviron para concluír, entre outras cousas: que afecta á , á ansiedade, ten consecuencias físicas e efectos sobre a sexualidade, así como que UNHA MULLER DE CADA TRES é incontinente; e, ademais, que o custe económico da incontinencia é enorme: **28 millóns de euros no ano 2006**, pero que tratada desde a atención primaria, os seus efectos paliárianse de tal maneira que ese gasto para a Seguridade Social poderíase ver reducido á terceira parte.



Nova Coral

O pasado 22 de decembro de 2010 actou por primeira vez o Coro de S. Cosme de Outeiro, unha agrupación integrada por Rosiña de Mariño, que ademais foi a organizadora da coral, M^a Teresa da Lombeira, M^a Carmen da Rasca, Marilola de Tita, Juanita de Freixán, Marilola de Sande, M^a Carmen da Bailadora, Manola da Barquiña, María da Pulida, Divina do Atún, Sara do Fanchón, María Villaverde, Araceli de Saturno, Emilio Manuel de Avelino, Fernando da Pola e Pian da Garibaia, quen dirixe provisionalmente este coro. De momento, este novo grupo interpreta unicamente temas sacros durante os actos litúrxicos dominicais na igrexa parroquial, pero non descarta ampliar o repertorio unha vez que comecen a ensaiar cun director con maior preparación. Desexámoslle unha longa e feliz traxectoria a este novo grupo que vén enriquecer o panorama musical outense e dar continuidade á longa tradición melódica do noso concello.



Coro de San Cosme

Os acontecementos do 23-F

Na tarde do 23 de febreiro de 1981, mentres se votaba a investidura de Leopoldo Calvo Sotelo como novo xefe de goberno, trala dimisión de Suárez, quen conducira a transición desde o réxime franquista ata a democracia, un numeroso grupo de gardas civís, ás ordes do tenente coronel Antonio Tejero, tomou ao asalto o Congreso e secuestrou ao goberno e a totalidade dos deputados. A súa intención era impulsar un golpe de Estado que establecese unha ditadura militar, na crenza de que a maioría dos españois desexaba retornar ao autoritarismo de Franco cun xeneral á fronte dun goberno forte que puxese fin ao terrorismo e ao desmenbramento da Patria ao que, na súa opinión, conducía a implantación do novo estado das Autonomías.

Tras unhas horas de incertidume, durante as cales o Capitán Xeneral de Valencia, Milans del Bosch, emitiu un bando de guerra copiado do de Mola en 1936, un tenente da Garda Civil anunciaba a chegada dun *elefante branco* (supúxose sempre que se referían ao xeneral Armada, pero seguramente se trataba do xeneral De Santiago, que participara en todas as reunións preparatorias do golpe) que se poñería á fronte da situación.

Aínda que a División Acoirazada *Brunete* saíu do seu acuartelamento para dirixirse a Madrid, ao mando de Pardo Zancada, membro do seu Estado Maior e que comprometera a participación da mesma para inclinar a balanza da situación, a manobra fracasou polo apresurado regreso do xefe da División, Juste Fernández, que estaba de viaxe, e ordenou o inmediato retorno dos carros de combate á súa base.

Zancada só puido reunir a algúns oficiais e cento e pico soldados da Policía Militar cos que se reuniu no Congreso con Tejero, xunto con varios amigos persoais do golpista, como o capitán de navío Camilo Menéndez e o antigo xefe dos sindicatos verticais García Carrés.

Foron os últimos apoios para os golpistas.



Isaac Rodríguez Bravo, un veciño de C

Isaac Rodríguez naceu na Pontenafonso, pero vive na Serra desde que casou con Pepita Molinos en 1982. Fixo estudos de Filoloxía inglesa e de Administración, e na actualidade está ao cargo da empresa de carpintería do seu sogro, agora especializada en caixas de regalo. En 1981 víuse involucrado, moi ao seu pesar, na voráxine dos acontecementos desatados por Tejero e Miláns del Bosch o 23 de febreiro daquel ano, do que vén de cumprir o trixésimo aniversario.

Como é que te viches metido no medio da intentona golpista?

Porque naquel momento eu estaba realizando o servizo militar nun corpo do exército que logo resultou estar implicado no golpe de Estado.

Cóntanos.

Marchei para cumprir o servizo a principios de 1980. Tocoume facer a instrución no campamento de Marines que hai perto de Valencia. Logo fun destinado ao Rexemento de Infantería Motorizada *Tetuán 14*, un rexemento dos de 1ª intervención en caso de conflito, con sé en Castellón, onde estiven ata o final do período militar formando parte da III División, denominada *Maestrazgo*.

E alí, cal era o teu cometido?

Empecei como soldado de infantería e despois de tres meses nomeáronme cabo, a cargo dunha ametralladora pesada. Despois doutros tantos meses ascendín a "cabo primeira", responsable dun pelotón (unha unidade de dez homes) de fusileiros que aprendiamos a manexar todo tipo de armamento: ametralladoras, lanzacohetes, canóns sen retroceso, mísil anticarro... Alí estiven ata completar o resto do servizo militar.

Que finalizaba cando?

Debía cumprir o 17 de febreiro de 1981.

Iso era unha semana antes do golpe.

Que pasou, logo?

A piques de licenciar, xa que eu era un dos primeiros, por ser dos de máis lonxe, aprazóusenos a todos a marcha, sen máis explicación que abandonaríamos o cuartel o luns seguinte.

Vaítes, xustamente o 23-F. E foi así?

Non precisamente. O capitán, Antonio Riquelme, acórdome que se chamaba, ordenounos formar no patio ás 9 da mañá, logo de almorzar e da ximnasia, como todos os días; os que nos íamos licenciar debíamos facelo atrás, e cando os novos reclutas marchasen, tiñamos que recoller os nosos macutos e despedirnos, pero se a manobra se había completar en cinco minutos, non se acababa de dar a orde de iniciar a marcha e, alí, no patio, pasaba o tempo, mentres seguíamos en formación.

Cousa rara, e non receabades nada?

Eu empecei a sospeitar que algo pasaba cando comezamos a ver como os soldados de vixilancia traían e levaban recados. O mosqueo aumentou cando, ao cabo dunha hora, recibimos a orde de volver cada un á súa compañía e coller o equipo de combate.

Que ten de extraño iso?

Que era un plan que non se facía nunca, usualmente só se cargaba bocadillo e calcetíns, salvo cando había marcha, entón xa metía todo: muda, marmita (ración de combate), poncho, munición e botiquín e isto era sempre para ir en camións. Desta vez tivemos que cargar todo ao lombo e volver formar no patio para, supostamente, facer un exercicio que xa se fixera varias veces antes: saír inmediatamente



Outes no 23-F

cando se dá unha alarma para establecer un perímetro de defensa, xa que a nosa era unha unidade de intervención rápida, manobra que duraba un día e unha noite.

Algo máis que resultara raro?

Si, que esta vez non había as instrucións previas que sempre daban antes de calquera operativo, ademais, a munición a usar era inusual: varios camiões. Pero máis curioso é que durante os meses anteriores, as manobras que se estiveran facendo foran de control de zonas ocupadas, combate nas rúas, trato de prisioneiros ou trato coa poboación civil, propias dunha situación de guerra.

Despois que aconteceu?

Ao mediodía fun enviado co meu pelotón a reforzar un destacamento militar fóra do cuartel, non moi lonxe do chalet que asiduamente usaba Miláns del Boch, capitán xeneral de Valencia. Outro pelotón dirixiuse á Caixa de reclutas, un edificio administrativo no centro da cidade e o resto ficou acuartelado, á espera. Ás seis da tarde chegou a nova do que pasaba no Congreso por un recluta que escoitaba a radio e pola mesma fomos sabendo todas as novas que ían chegando, entre elas o decreto de toque de queda en toda a III Rexión Militar por parte de Miláns e a toma da cidade de Valencia polos tanques.



E como transcorreu o resto da xornada?

Na nosa posición pasamos a noite sen novidade, os mandos estaban calados, como esperando a ver que pasaba, mentres circulaba o rumor de que as tropas ían saír cara a Madrid e, no Salón de Armas do cuartel, polo que logo nos contaron os camareiros, había un ambiente de entusiasmo (houbo quen lanzou a gorra ao aire) e receo a partes iguais, con algúns oficiais, sobre todo os máis novos, que estaban tan sorprendidos como os propios soldados.

Finalmente, de que forma se produciu o desenlace?

De madrugada déronnos a orde de iniciar a retirada, que esta vez se fixo practicamente ás agachadas, por canles de rego e camiños apartados, cando á ida fomos polo medio de todas as poboacións, facéndonos moi visibles.

Cando puidesches por fin regresar á casa?

Durante cinco días estivemos incomunicados, sen poder recibir chamadas, saír, ver a TV... e moi preocupados pola situación exterior, ata que se empezou a normalizar todo. Logo, a principios de marzo, veu o licenciamiento e xa puiden regresar.

Pasados trinta anos, como ves na distancia os acontecementos?

Despois atas cabos e caes na conta da coincidencia das múltiples circunstancias que se foron dando nos meses previos e os acontecementos dese día. Agora caio na conta de por que non nos deixaran licenciar o día que cumpríramos o noso período de servizo militar e é porque os mandos non querían quedar sen veteranos, a parte da tropa máis instruída, para o golpe planeado. E é precisamente por isto, porque todo estaba perfectamente planeado, polo que sempre me estrañou que non houbera ningunha investigación destes acontecementos, nin sequera por parte da prensa e, de todos os altos mandos implicados en Valencia, só Miláns se enfrontou a un xuízo

O desenlace do 23-F

Na noite do 23 ao 24 de febreiro evindenciouse que a posición dos golpistas non era dabondo sólida, diante da actuación decidida do Gabinete de Crise encabezado polo director de seguridade Francisco Laína, que contou coa lealdade de Quintana Lacaci, Capitán Xeneral de Madrid, así como do coronel Alcalá-Galiano, xefe da Policía Nacional e o xeneral Aramburu Topete, director da Garda Civil.

Fracasou tamén a solución en plan De Gaulle (que puxera fin militarmente ao bloqueo da IV República francesa), proposta polo xeneral Armada, pola falta de apoios do resto da cúpula militar, que amosou, polo contrario, o seu respaldo ao rei, quen se comprometeu a defender a orde constitucional nunha intervención televisada de madrugada, logo de varias horas de suspensión das emisións.

Ao día seguinte produciuse a retirada dos tanques en Valencia e a rendición de Tejero. Os golpistas (dos que só se procesaron trinta e tres) foron tratados magnanimamente, con leves penas de cárcere; a trama civil non foi investigada (nunca se soubo de onde saíran os cartos para pagar os autobuses que conduciron os gardas civís ao Congreso), como tampouco foi investigado o papel dalgúns membros do CSID (a intelixencia militar) presentes no edificio das Cortes desde o primeiro momento, nin todos os movementos de unidades e as presións dalgúns mandos para sacar ás tropas. Así como se silenciou tamén o intento frustrado do coronel Garchitorea de tomar o Goberno Militar de Madrid xunto a un grupo de falanxistas armados. Para algúns o papel do propio monarca, de quen Armada fora asesor como xefe da Casa Real, tampouco quedou claro. En todo caso, a súa imaxe saíu reforzada e moitos españois comezaron a sentirlo como o seu rei e non como unha figura imposta por Franco.



PXOM, en que quedou??

"Vivir no Concello que bonito éee.. todos caladiños... mi cocherito leréee!!"

O pasado Xaneiro déusenos a coñecer a resolución por parte da Xunta do visto bo e plácido do PXOM... xa tan famoso pero non tan coñecido nos seus laberínticos folios, cores, planos e máis planos, que hai que ser un técnico para entendelos, e que moitas veces, coma esta, o executivo non se esmerou máis que ao principio e como presentación ao público (obrigado por lei), dun xeito un tanto polémico ou chafulleiro, por dicir algo.

Agora ben, o que os cidadáns demandan é que se volva explicar como quedou a última hora, se aínda se poden facer alegacións, etc. e verdadeiramente despois de todo este tempo de aí vai, aí vén...quita dalí, ponlle aló... a ese non lle toques que é meu, carallo!! En fin, todas as actuacións que ignoramos para facernos unha idea o máis fiable posible de como quedamos, ou mellor dito como quedan os bens nos casos afectados por dita ordenación, se vai haber estradas de 16 metros por sitios que non teñen pés nin cabeza, se ao final se abren novos viais como estaban reflectidos nos planos, tirando casas alleas ás deles, que se o ditoso polígono industrial vai no mesmo sitio... Queremos saber se aínda somos donos do terruño grande ou pequeno, herdado dos nosos vellos, adquirido, que máis dá... Queremos saber se mañá vén un espabilado construtor deses que non se dan farto de construír chaleíños a prezo de ouro, aínda que agora andan quentes despois de tanta especulación (pero están finos), e se poden facer con todo o que non é deles a cambio dunha porcentaxe... É todo deles, así sen máis!!

En fin, señores gobernantes, o pobo quere saber se ao final se fixo un Plan para o ben xeral ou se pola contra se xestou un Plan para uns pouquiños que o único que lles fixo foi levarlles un anaco de terra, convertendo o resto en solares, soleados e punto. Da outra parte, as vítimas, que pensaron que tiñan algo de proveito, e si teñen: pedazos de terra que non vale para nada... para nada bo, salvo que o Concello quería poñer casetas, antenas... Do melloriño, como se ve, que sempre hai quen paga o pato e non é cousa de Madrid, non hai que ir tan lonxe, por desgraza, pois parece ser que o sol da casa é o que menos quenta... Que Deus reparta sorte!!

Con que inmunidade se pode ir pola vida! (aínda que o número de votos sexa aplastante, pois non hai oposición, e mais só ten que esperar a que se retiren no mellor dos casos para cheirar a alcaldía... e aínda así...!!). E que dicir do deputado acomodado na capital, que hai que ter un mínimo de sensibilidade co cidadán, iso si, salvo o tempo electoral, no que se matan polo voto, do resto nada, mais a vida dá moitas voltas, rula e rula... Ao que imos, non nos quedou máis remedio que volver sobre o devandito temiña de que Outes xa ten PXOM, aínda que uns máis que outros, seguro!!

Volvemos sobre o mesmo porque na rúa escóitase de todo, agora que foi cousa dos de Madrid!!, como se fôsemos parviños, algo "naífs"... Vai resultar que os técnicos de Madrid e os influentes do Consistorio non tiveron nada que ver co resultado final do proxecto, nin unha pequena "seña do tres" ante un estudo desas características e transcendencia social... É difícil de crer!!

Coa mesma queremos comentar o cambio de ubicación do polígono industrial: parece ser que antes ía ir na agra de Entíns, como estaba proxectado nun principio case inamobile, e, por discrepancias cos amigos de toda a vida (segundo *vox populi*), pasou á agra de Fontenlos, que non lles fai tanto mal á vista; iso si, cerca dunha Casa Rural... Si, Señor!! Cousas da política!! ou dos de Madrid...?

Tampouco queremos esquecer unha parte fundamental en todo este tinglado á hora de defender os dereitos e as queixas dos cidadáns, como son as asociacións de veciños (en canto vehículo transmisor), cunha actuación case nula, ou anulada por quen sabe que... pois ata agora, salvo algún escarceo ansioso da AA.VV. Entínes, que pode molestar a certa xente, o resto das asociacións veciñais están anuladas por si mesmas, pois se os sacan das festas e cemiterios, polo demais nadiña, e isto si que é unha Festa, "Señores", e das boas. Pero nin con esas... "Burro grande, ande ou non ande".

Lusco e Fusco

ASÍ NON

Quen o ía dicir, que a Fonte de Añón acabaría aínda máis agachada e seca, como se nos dese vergonza...

ASÍ TAMPOUCO

Que aínda non sexa verán, non quere dicir que esta fonte teña que estar malgastando auga ata aquela !!! Mantemento do que hai: CERO !!!

NIN DE COÑA

E non habrá un peso para cambiar estas farolas tan oxidadas... ? Non habrá...non.

Bicicletas

Olalla Tuñas

Estabamos en marzo mais apenas viñamos de limpar os restos da derradeira nevada do xardín da casa. Camiñabamos Elena e mais eu con coidado cara ao supermercado Netto, na rúa principal Hadsundvej. Elena é italiana, da rexión do Lacio, mais a súa nai naceu en Etiopía. Entendiámonos moi ben e compartiamos os gastos semanais, por iso que din que cociñar para dous é máis barato que preparar comida para unha soa; o resultado é pasta de xantar, de cea e para festas de gardar.

De camiño ao supermercado había lisas capas de xeo no chan, escachadas, e aínda penduraba dos tellados algunha estalactita que resistira o sol do inverno. Iamos conversando e de súpeto Elena tocouse o brazo para que mirase a estrada. Unha anciá, que andaría preto dos oitenta anos, pedaleaba con enerxía para subir a que era unha das poucas costas da cidade dinamarquesa. Ollaba para nós e nós para ela. Eramos uns seres exóticos para a danesa e nós quedamos pampas da boa forma da vella na bicicleta de paseo. Nunha cestiña de mimbres amarrada á bicicleta e decorada cunha floríñas de plástico, carrexaba o que podía ser a súa compra, nunha bolsa de tea.



Elena rompeu en gargalladas polo cómico da nosa perplexidade ante a octoxenaria sorrinte, e exclamou: “Danimarca, Danimarca...” nun suspiro. Nin eu nin ela estamos afeitas a tal visión mais en Dinamarca, a bicicleta é

considerada o principal medio de transporte, sobre todo a escala local. De sempre foi tradición usala por cuestións prácticas, posto que as rúas de Dinamarca carecen de costas, e son, en xeral, planas. Por outra banda, é útil para chegar ao traballo de xeito rápido e co fin de evitar os altos impostos aos transportes automotores. Non hai perigo para os viandantes nin para ciclistas, pois en calquera cidade danesa contan con carrís para bicicletas e semáforos específicos para este medio de transporte. É, polo tanto, de uso maioritario e, a pesares dos duros invernos daneses, un 55% da poboación de Copenhague vai en bicicleta todos os días. Nas rúas atópanse sobre unha bici, coma a nosa vella sorrinte, dende señores en traxe cos seus nenos en

pequenos asentos, até adolescentes pasando por damas en tacóns e saias.



Depuradora de Mariscos

RAMAIS

Fco. Rama Vázquez

O Freixo - OUTES

Móbil: 630 43 43 81 - Part.: 981 76 50 92

Soños e bágoas do emigrante Gonzalo Armán


Hai noticia, malia as dificultades documentais, da presenza de galegos no Brasil xa dende 1850, aínda que a emigración masiva, sobre todo dende Vigo, non se producirá ata 1890, chegando os máximos ata a década de 1930. Esta presenza de estranxeiros, neste caso galegos, foi produto da política migratoria brasileira, tras a abolición da escravitude en Brasil en 1888. Tanta foi a nosa presenza que os portugueses norteiros eran alcumados de galegos, pola semellanza lingüística e por adicárense os dous grupos ao pequeno comercio fundamentalmente. A emigración galega dirixiuse, sobre todo, ás cidades de Río de Xaneiro, Belém, Manaus, Santos e São Paulo. As redes familiares foron claves neste éxodo e a provincia galega que máis emigrantes aportou foi Pontevedra, xa que só o catorce por cen dos galegos que había ata 1930 eran coruñeses. Na nosa provincia o municipio que máis forneceu ese exilio económico foi Santa Comba, mais do Barbanza tamén foron para o Brasil galegos e galegas de Outes, Noia, Lousame, Porto do Son e Boiro. E Río foi o destino preferido de moitos, cidade que debe a un galego a fundación do Recreio de Anciños e tamén a forte pegada das “carrocinhas de churros”. Mais a nosa presenza, a pesar da procedencia rural e pouco alfabetizada, notouse tamén nas artes e nas letras.



Gonzalo Armán

Despois de 1930 o fluxo migratorio dos galegos para o Brasil foi menor, pero aínda importante, e un destes emigrantes foi de Outes, o poeta e libreiro **Gonzalo Armán**. A pesar de moitas dificultades os estudosos Céla M. Leal Braga, Maria Rosario Albán, H. Fernandes Rodrigues, Joel Serrão e, esencialmente, a descendente de galegos Érica Sarmiento da Silva, van iluminando as pegadas dos galegos no Brasil. Desta última é moi útil o seu volume *O outro Río. A emigración galega a Río de Xaneiro*, editado en 2006.

Gonzalo Armán foi un deses emigrantes, pois chegou a Brasil en 1948, cando contaba vinte anos, dende Viro en San Xoán de Roo, concello de Outes. Só con estudos primarios e tras exercer diversos oficios como o de zapateiro, logrou unha estensa formación, converténdose en libreiro; en libreiro, mais tamén en poeta, un poeta que non esqueceu a lingua de orixe, o galego, nin a súa terra, Galicia. É un caso interesante, xa que, por proximidade lingüística ao portugués, a maioría dos galegos que



escriben fano nesa lingua e, se se queren “diferenciar”, fano en castelán. Armán logrou publicar en galego os libros *Soedades. Río de Janeiro* (1979), onde soedade debe ser considerada como saudade, saudade dos eidos nativos, saudade da lingua. En 1991 publicou *Anacos d'alma*, libro con poemas de procedencia diversa, de rima tradicional, que xira outra vez sobre a terra natal, Galicia, e a presenza da morte, lonxe dos lugares nativos.

O vinte e oito de outubro de 2009 acudín á Serra de Outes para presentar, amablemente convidado por Xoán Mariño Reino, o volume que lle editaba a Gonzalo Armán a Asociación Cultural Terra de Outes, *Soños e bágoas*. Tras a morte do poeta, que a terra lle sexa leve, quero agora repetir algunhas das cousas que dixeran naquel día.

Estamos ante un poeta popular e isto convence moi pouco á crítica de hoxe, non sei se ocorre tamén cos lectores. Temos un desprezo abusivo sobre estes poetas de cerna popular, o que non deixa de ser curioso en tempos nos que tanto interesa a cultura popular. É no popular onde ten a orixe esta poesía, que se fornece das cántigas, mais tamén da figura central da literatura galega contemporánea, Rosalía de Castro. Este influxo rosaliano é ben evidente no derradeiro poema “A Galicia”, de *Soños e bágoas*:

*Miña terra, miña terra,
terriña onde nacín,
non sei se ti me esqueciches
mais eu non me esquecín de ti.*

O volume está dividido en dúas partes, con vinte e seis poemas no apartado dos soños e das bágoas, poemas que teñen dúas liñas esenciais: unha subxectiva, íntima, onde ás veces pode pensarse no Cabanillas d'A rosa de cen follas, tamén cos alicerces en Rosalía:

*Na roseira da miña alma
naceu unha rosa branca
para darlla ó meu querer
con moitos bicos regada.*

A outra liña temática non pode considerarse só obxectiva ou de

Román Arén

reivindicación de Galicia e dos seus símbolos, pois segue a ter unha morriña dos eidos natais, do mundo rural, da infancia perdida. Non falla tampouco a defensa da lingua galega nin esa dobre nostalxia, tan presente tamén en Avilés de Taramancos, que ten o emigrante con dúas patrias:

...
pois cando estou no terruño
onde meus pais se enterraron
teño soidades da terra
que me acolheu tantos anos
e nela sinto soidades
daquela onde fun nado.

A segunda parte do libro “*Poemas soltos*”, recolle seis textos que non contradín a temática da primeira parte, a lembranza da terra en poemas como “*Noia*” ou “*A Galicia*”, e a liña intimista e máis persoal, clara nos poemas “*Soños mortos*” e “*Retallos*”.


Foi, pois, Gonzalo Armán un emigrante que prosperou fóra de Galicia, mais que nunca esqueceu a súa terra, fonte da súa soidade:

*Chora comigo por todos os fillos da vella
Galicia, que nos catro cantos do mundo,
morren de soidades pola terra onde naceron.*

Non voltou definitivamente á patria o poeta que remata *Soños e bágoas* coa estrofa:

*Non sei se volverei verte,
deixeite mozo e estou vello
mais o meu agarimo por ti
crece co paso do tempo.*

Foron escritos estes versos en xullo de 2003 en Río de Xaneiro por un home que permaneceu vencellado pola saudade á terra natal, fiel á súa lingua e facendo un modesto, pero sincero e cordial, aporte ás nosas letras. Merece o noso respecto e a nosa lembranza quen tanta fidelidade e amor a Galicia tivo como Gonzalo Armán, un elo da vasta cadea que desangrou Galicia, un elo consciente de si mesmo e consciente da nosa cultura, daquilo que nos fai propios e universais, a lingua galega, tan castigada que desexan rematar con centos de anos de pervivencia do noso ben cultural máis prezado, a lingua, máis importante ca Gaiás ou que o Pórtico da Gloria, pois é non só depósito de pasado, senón semente de futuro.



LECTURAS RECOMENDADAS

QUECHEMARE DA SAUDADE

Manuel Fabeiro Gómez.

Edición e prólogo: Xavier Castro Rodríguez.

Edita: Concello de Noia, maio de 2010.

Maquetación e impresión: Grafinoia.



Muradán de nacemento (1916) e noiés de adopción (1992), Manuel Fabeiro Gómez foi para os que o temos coñecido persoalmente moito máis que un amigo e un exemplo a imitar. Foi un heterodoxo mestre de escritores e investigadores.

Literariamente inscíbese, sen dúbida, na *Xeración do 36* (María Mariño Carou, Carballo Calero, Luís Seoane, Lorenzo Varela, Álvaro Cunqueiro...).

*“Irmáns na Terra, non son
un poeta de mensaxe;
traio somentes na i-alma
a sinxeleza do sangue.*

*Nado en Muros, vela ergueita
na beira do Mar Atrante,
miñas azas son as ondas,
miña ilusión, a paisaxe”.*

Deste xeito se define a si mesmo o propio Manuel Fabeiro, *Manolé*, como poeta. Mais inda hai máis: “(...Os meus versos son sinxelos, feitos ca sinceridade dun bon fillo da Terra. Acharedes neles brancas velas, árbores, saudade: o mesmo sempre. Podedes descir entón que son un poeta-relox, que de cote me repito...”).

Xunta a *Poemas do noso mar* aparecen nesta pequena pero fermosísima obra: *Meu corazón, branca vela, Cachenos do poema do Guieiro e Arbres de un día*.

(... “*Quechemare da saudade!
Vela branca a navegar*”...).

Mingucho Campos

Os muíños do Río Tins (II)

Terceiro Tramo: As brañas de Lantarou, Ousesende e Berres

Xoán X. Mariño

Despois das paisaxes esgrevias polas que circula o río Tins nos seus dous primeiros tramos, que vimos no número anterior, chega o primeiro meandro do río, obrigado pola presenza das estribacións suroccidentais do *alto de Diz*, que o fan desviar da súa dirección de noroeste a sueste, ata o lugar en que o seu principal afluente, o *Río de Lantarou*, emborca as súas augas no *Tins*. Aquí o principal río de Outes recupera a súa traxectoria diagonal e o seu cauce anchéase notablemente, amosando unha fasquía máis apacible mentres prosegue, máis caladamente, pero non por iso menos temible, pola ancha depresión situada entre o *Monte do Castelo* e o *alto de Boel*, polo poñente, e o *alto de Guende*, a *penichaira de A Poza* e o *Monte do Castro*, polo levante, compartindo co *río do Rial* parte deste amplo terreo chan.

Polas beiras deste novo treito, que rezuma poesía e bravura, nos prados xa calados de Lantarou, Ousesende e Berres, dispuxéronse outros seis muíños.

O primeiro é o *Muíño Novo*, tamén coñecido como *Muíño da Agra* (ver foto 1), que se atopa xunto ó curso do Tins, na súa



Foto 1: Muíño da Agra (fachada). Lantarou.

marxe dereita, un pouco apartado da aldea de Lantarou, a curta distancia da confluencia co río que baixa desde as terras de Valadares. Posúe toda a fachada de cantería e, no interior, sobre o pé, unha pouco habitual moa de moito grosor, acusada pendente e destacada coroa en torno á boca pola que debía entrar o gran, pero que lamentablemente xa deixou de facelo, achándose a estancia chea de terra, acumulada no interior polas sucesivas enchentas do río, de tal xeito que xa non permite sequera abrir a porta.

Os catro seguintes, erguidos na marxe esquerda do río, son os **muíños de Ousesende**, lugar que debe ter máis de 1.500 anos de existencia, porque o seu nome é xermánico, significa 'expedición de Auzu', quizais o xefe da partida de suevos ou visigodos que se asentou neste territorio tralo

derrube do imperio romano e a quen se debe, xunto con xentes da mesma procedencia instalados en Guende e Galteiros, a introdución do culto a S. Ourente, nunha época na que o cristianismo aínda non arraigara totalmente.

Ao primeiro deles, situado fronte ó de Lantarou, chámalle



Foto 2: Muíño de Valdeloueiros (interior). Ousesende.

Muíño de Valdeloueiros ou *de Arriba* e vai precedido dunha pontelliña que cruza o curso de auga desviada do río e destinada a regadíos. O seu estado de conservación é deplorable, coas madeiras apodrecidas, tanto da caixa para recoller a fariña como a da moega (ver foto 2), así como as do tellado, a piques de desplomarse.

Uns 300 ms. despois, augas abaixo, áchase o *Muíño do Medio* (ver foto 3), un edificio de 3.6 m. de ancho e 5 de longo, con planta rectangular, a canle da auga polo lado nororiental, saída polo lado contrario e porta no lado suroriental. Atópase nun estado tan lastimoso coma o anterior, co chan cheo de terra, os elementos de madeira apodrecidos, o tellado case desplomado, o rodicio cuberto polo entullo e rodeado de maleza case por completo.

Separado del por uns 50 ms. de distancia está o *Muíño de Abaixo* (ver foto 4). As súas paredes son de cachotería, salvo o marco da porta, os aleiros e parte dos esquinais, que son de cantería; ten un pousadoiro á esquerda da porta e tellado a dúas augas, pero xa desplomado de todo, de maneira que o seu interior é unha morea de cascallos; para completar o desatre, o eixe está roto e o rodicio fóra do seu sitio.

O último do lugar está perto da ponte que une Ousesende con Lantarou, leva o nome tan frecuente de *Muíño das Insuas* e áchase un pouco mellor, porque lle substituíron o tellado por unha cuberta de uralita (ver foto 5), pero pouco

máis, porque o interior tamén está cheo de terra, os elementos de madeira desprendidos e o inferno entullado. O sexto, situado na marxe dereita do río e, polo tanto,



Foto 3: Muíño do Medio (fachada). Ousesende.



Foto 4: Muíño de Abaixo (exterior). Ousesende.

pertencente de novo á parroquia de S. Pedro de Outes, é o **muíño de Berres**, un lugar que xa tiña casas en 1442, aforadas desde moito antes á familia dos Mariño de Lobeira por parte do mosteiro de Toxosoutos. O muíño está nunha agra situada case máis perto do lugar de Lantarou ca Berres, á beira do río, a pouco máis de 100 ms., augas arriba do último de Ousesende. Denomínano *Muíño do Perilloeiro*, nome este que serve para designar á árbore que dá



Foto 5: Muíño das Insuas (exterior). Ousesende.

perillóns (pequenos peros doces), ben porque noutroa algunhas destas medrara alí, ben porque o seu primeiro propietario levaba ese alcume; ten as paredes recebadas (ver foto 6), agás a oriental, na cal queda a cachotería á vista e na que se dispón o inferno, que se atopa medio cuberto de terra, como tamén o está o interior, de xeito que non deixa abrir a porta.

Este tramo do río continúa como medio kilómetro máis, antes de entrar nas devesas de Boel e aínda hai nel seis edificios para moer máis, pertencentes aos lugares de Os



Foto 6: Muíño do Perilloeiro (fachada). Berres.

Muíños e O Coto, pero a eles habémonos referir no próximo número da revista.

DEPORTES

DÚAS NENAS DE OUTES

NOS CAMPIONATOS GALEGOS DE NATACIÓN

Andrea e María Balayo participaron con notable éxito no Campionato Galego de Natación Infantil de Inverno, celebrado os pasados 5 e 6 de marzo en Ponteareas.

Andrea (esquerda) quedou cuarta en 400 estilos, conseguindo a mínima para participar nos campionatos Galegos Absolutos e María (dereita) conseguiu unha medalla de prata en 200 m. estilos e dúas de bronce en 100 libres e 100 bolboreta respectivamente.

Os nosos parabéns a ambas e o desexo de que sigan colleitando marcas e medallas, que é a mellor maneira de levar o nome de Outes polo mundo adiante.



Añón en Sevilla. Os anos confusos (II): Evidencias

Ramón Blanco

Na súa tese doutoral, o profesor Bel Ortega trae a colación algúns documentos que probarían a estadia hispalense do poeta como anterior a 1955:

a) O artigo "Un poeta gallego", do periodista Joaquín Ardila (*El Eco de Galicia*, nº 35, Habana, 9-XI-1889), onde este fai acordanza da amizade que o unira a Añón, a quen coñecera sendo universitario (polo tanto moi mozo, cando xa Añón andaba polos corenta e un anos) e seguira tratando, tempo despois, en Madrid:

"Por los años 1851 á 1853 estudiaba yo jurisprudencia en la Universidad de Sevilla (no discutamos si estudiaba o debía estudiar).

(...) y me presentó a Francisco Añón, con quien me ligó desde aquel momento franca y estrecha amistad, que no se ha interrumpido hasta su muerte...

(...) Cuando al cabo de algunos años volvimos a encontrarnos en Madrid, empezaban ya á blanquear sus cabellos".

No final do artigo Ardila descobre o motivo que o levou a poñer en letras de molde a súa relación co escritor:

"(...) al sentimiento de su pérdida se unía el de no poseer coleccionados los tesoros que fue sembrando el poeta en periódicos y revistas. Esto último ha podido remediarse al menos, gracias á sus amigos y admiradores, prestando cada cual el contingente que poseía al inteligente editor de La Coruña don Andrés Martínez, que acaba de publicarlos en un precioso volumen".



Torre do Ouro, Sevilla. Calotipo, 1850-1851. Vizconde de Vigier

b) Varios "anuncios" e "avisos" recollidos en *El Porvenir. Diario Político de Sevilla*, desde o 4 de abril de 1853 até o 30 de marzo de 1854, nos que Añón se ofrece como profesor de idiomas nesa cidade (desta experiencia laboral falaremos con máis calma noutra ocasión).

Tamén Bel Ortega refuta outro dato ofrecido por Álvarez Blázquez, quen escribía no xa citado artigo "Sus Poesías en Portugués": "Aquella añoranza que el poeta de Boel sentía por los encantos de la bella capital lusitana, se explayaría con más altos vuelos en el canto "A Lisboa", compuesto también durante su estancia en Sevilla, en 1857"; pois Bel demostra que este poema está datado en "Madrid, 18 de febrero de 1857".

E a datación deste poema lévanos a revisar a tamén mencionada "efeméride" aportada por Álvarez Blázquez, xa que a única data coñecida para "O recordo. A Galicia" é a de "Febrero, 18 de 1857". De isto ser certo é fácil deducir, en primeiro lugar, que non o redactou o 17 de febreiro, senón o mesmo día que escribe "A Lisboa", 18 de febreiro; e, en segundo lugar, que, loxicamente, tamén o escribiría en Madrid e non en Sevilla. Ademais, Bel Ortega, conclúe que "El portugués en Sevilla" hai que datalo como posterior a 1872 (algo similar ao que acontece con "A una gallega renegada", que, sendo igualmente testemuño da influencia da variante lingüística do castelán andaluz na obra de Añón, será escrito na Coruña, curiosamente un 17 de febreiro, mais xa en 1869).

Deste xeito, aínda sen saber moi ben onde foi Añón despois de Lisboa, si podemos concluír por agora que xa vivía en Sevilla como mínimo desde 1853, tal como se desprende do que debe ser o primeiro "anuncio" que publica en *El Porvenir*, no nº 1.716 (4 de maio de 1853). Así mesmo, segue habitando nesa cidade ao ano seguinte, pois Bel Ortega documenta o último anuncio no nº 1.998 (30 de marzo de 1854) do mesmo xornal. Así pois, ou ben adiantamos eses tres anos por terras andaluzas dos que falan a maioría dos biógrafos (a un período que podería ir de 1852 a 1854 ou de 1853 a 1855), ou ben os prolongamos a un mínimo de catro ou cinco, tomando como data límite posible a de febreiro de 1857, cando xa documentamos a súa presenza en Madrid. Finalmente, temos que volver citar o testemuño de Joaquín Ardila, quen, sendo estudante de xurisprudencia ("por los años de 1851 á 1853"), coñeceu a Añón en Sevilla, sen sabermos se coincidiron xa antes de 1853, a partir de 1851. Porque, para complicar máis o asunto, di Ardila: "Por la época en que le conocí volvía de una larga permanencia en Portugal, (...)"; co cal nada parece saber este de ningunha viaxe previa por Italia nin Francia, e isto podería abrir outra hipótese: fixo esa viaxe europea entre 1854 e 1857?, isto é, viaxaría como secretario de Mr. Shawfordt despois de deixar Sevilla e antes de estar en Madrid? Porén, en contra disto, tanto Murguía como Novo y García, que tamén o coñeceron, si coinciden en sinalar que acompañou ao lord inglés por eses dous países despois de estar en Portugal e antes de chegar a Andalucía. O misterio continúa.



PORTA DA VILA Nº 13
NOIA
T. 981 822 452

AVDA DE CONPOSTELA 13
OUTES
T. 981 850 953

W.W.W.federopticoslarrondo.com
larrondo@federopticos.com

GRADUACION DE SU VISTA

CONTROL DE LA
MIOPIA

LENTES DE CONTACTO

AUDIFONOS
PARA SORDOS

CERTIFICACION AENOR DE
CALIDAD DE SERVICIO